

IES A Basella

PLAN LINGÜÍSTICO



Curso 2018-2019

Data Aprobación	30 10 18
Versión	Ver 2.1
Tipo	Documentación Centro

Índice

1.- Introducción.....	4
2.- Contexto sociolingüístico.....	5
3.- Linguas nas que se imparten as materias en ESO e Bacharelato.....	5
1º ESO.....	5
2º ESO.....	5
3º ESO.....	6
4º ESO.....	6
1º BACH.....	6
2º BACH.....	7
4.- Medidas a adoptar para que o alumnado que non teña suficiente dominio nalgunha das linguas poida seguir as ensinanzas.....	7
5.- Obxectivos e liñas de actuación deseñados polo centro para o fomento da lingua galega.....	8
6.- Exencións.....	11
A.- Procedemento de solicitude.....	11
B.- Materiais e Recursos específicos.....	12
7.- Medidas de Coordinación entre as Materias de Linguas impartidas no Centro.....	12
8.- Equipo de Dinamización da Lingua Galega.....	12
A.- Composición:.....	12
I.- Profesorado:.....	12
II.- Alumnado:.....	12
III.- Persoal non docente:.....	13
B.- Funcións.....	13
I.- Coordinador.....	13
II.- Equipo.....	13
8.- Avaliación.....	14
8.1. Addenda anual.....	14

1.- Introducción.

Segundo as disposicións do Decreto para o Plurilingüismo no Ensino non Universitario 79/2010 (DOGA 25/5/10) que substitúe á norma 124/2007, preséntase o Plan Lingüístico do IES A Basella que pretende ser un instrumento operativo para garantir a competencia do noso alumnado nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras.

Con este Plan preténdense garantir o dominio de todas elas potenciando actividades de fomento do uso e manexo das linguas con menor competencia.

Neste proxecto recolleranse e avaliaranse todas estas medidas destinadas a conseguir as competencias desexadas nas linguas oficiais e estranxeiras, e as actividades previstas para dinamizar a súa utilización.

Os obxectivos desta planificación lingüística son influír no comportamento lingüístico da comunidade educativa, centrándose na adquisición da competencia e conciencia lingüística nas linguas oficiais e asegurando a posibilidade do seu uso en todos os ámbitos.

2.- Contexto sociolingüístico.

Segundo a actualización do Mapa Sociolingüístico Galego de 2004, en Galicia predomina o bilingüismo cun uso máis estendido do modelo bilingüe con predominio do castelán. O estudo do 2004 realiza unha comparativa co do 92, determinando que nestes 12 anos houbo un retroceso do uso monolingüe do galego e do bilingüismo con predominio do galego, aumentando o uso habitual do castelán.

As competencias escritas e orais na lingua inicial e habitual para concellos de número de habitantes similares aos de Vilanova ou Illa de Arousa, amosan, segundo o Mapa Sociolingüístico Galego, similares porcentaxes de dominio.

O dominio noutras linguas diferentes ás cooficiais, é moi baixo.

O **contexto sociolingüístico do centro** é sobre todo galegófono a nivel oral no rexistro coloquial.

A práctica totalidade do profesorado do Centro ten competencia nas dúas linguas oficiais e unha alta porcentaxe de uso habitual da lingua galega. Unha parte importante do alumnado tamén se expresa de forma habitual en galego, e a linguaxe administrativa nos usos escritos, utilizada nos comunicados do centro, é o galego.

As actividades realizadas no centro desenvólense maioritariamente en galego. Consideramos que é labor do centro de ensino superar prexuizos e complexos que puidesen levar ao alumnado ao abandono e a perda de competencias na lingua galega, e que valoren adecuadamente o seu idioma e a súa realidade.

Durante o curso 17/18 realizouse unha enquisa de utilización da Lingua Galega

polo noso alumnado, e os datos obtidos comparáronse cos da anterior enquisa feita no curso 12/13. Os resultados da enquisa e a comparativa coa anterior reflíctense na Addenda do curso 17/18.

3.- Linguas nas que se imparten as materias en ESO e Bacharelato.

1º ESO

	Materias en galego	horas	Materias en castelán	horas	Materias na súa lingua de referencia	horas
Por decreto	L Gal	4	L Cast	4	Inglés	4
	Bio Xeo	4	Matem	5	Francés	2
	Xeog e Hª	3				
Proposta do centro	Exp Plast	2	Ed Fís	2		
	Titoría	1	Rel/Val Et	1		

2º ESO

	Materias en galego	horas	Materias en castelán	horas	Materias na súa lingua de referencia	horas
Por decreto	L Gal	3	L Cast	3	Inglés	4
	Xeog e Hª	3	Matem	5	Francés	2
			Tecn	3		
			Fis Qui	3		
Proposta do centro	Rel/Val Et	1				
	Titoría	1				
	Mús	2				
	Ed Fís	2				

3º ESO

	Materias en galego	horas	Materias en castelán	horas	Materias na súa lingua de referencia	horas
Por decreto	L Gal	3	L Cast	3	Inglés	3
	Bio Xeo	2	Mat Acad	4	Francés	2
	Xeog e Hª	3	Tecn	2		
			Fis Qui	2		
Proposta do centro	Exp Plast	2	Rel/Val Et	1		
	Mús	2				
	Titoría	1				
	Ed Fís	2				

4º ESO

	Materias	horas	Materias en	horas	Materias na	horas
--	----------	-------	-------------	-------	-------------	-------

	en galego		castelán		súa lingua de referencia	
Por decreto	L Gal	3	L Cast	3	Inglés	3
	Xeog e H ^a	3	Mat Ac/ Apl	4	Francés	3
	Bio Xeo	3	Tecn	3		
			Fis Qui	3		
Proposta do centro	Mús	3	Ed Fís	2		
	Exp Plast	3	TIC	3		
	Titoría	1	Latín	3		
	I A A Emp	3	Rel/Val Et	1		
			Econom	3		

1º BACH

	Materias en galego	horas	Materias en castelán	horas	Materias na súa lingua de referencia	horas
Obrigatorias	L Gal	3	L Cast	3	Inglés	3
	Filosof	3	Ed Fís	2		
Troncais, específicas de opción e libre configurac.	Mat Apl	4	Matem	4	Francés	2
	H ^a M Cont	4	Latín	4		
	Bio Xeo	4	Grego	4		
	Deb Tec	4	Lit Univ	4		
	Fis Qui	4	Econ	4		
	Cult Cient	2	L P Mus	3		
	Deb Art	3	Tecn Ind	3		
	Val Étíc	1	Relix	1		
Antrop	2	Robót	2			

2º BACH

	Materias en galego	horas	Materias en castelán	horas	Materias na súa lingua de referencia	horas
Obrigatorias	L Gal	3	L Cast	3	Inglés	3
	H ^a Esp	3				
Troncais, específicas de opción e libre configurac.	Mat Apl	4	Matem	4	Francés	2
	H ^a Arte	4	Latín	4		
	BioloX	4	Grego	4		
	Deb Tec	4	Xeogr	4		
	Física	4	Econ	4		
	Química	4	Xeolox	4		
	Deb Art	3	Tecn Ind	3		
	Psicolox	3	TIC	3		
	CC Terra	3	Relix	1		
	Et Fil Der	2	Dep Saú	1		
		Met Est N	2			

4.- Medidas a adoptar para que o alumnado que non teña suficiente dominio nalgunha das linguas poida seguir as ensinanzas.

Distinguiremos dous supostos básicos: atención de alumnado inmigrante, e atención de alumnado autóctono con problemas de aprendizaxe.

As medidas destinadas ao alumnado autóctono con escasa competencia nalgunha lingua, incluídas tamén no Proxecto de Atención á Diversidade, son fundamentalmente:

- Medidas de reforzo en agrupamentos específicos na lingua con menos competencia.
- Traballo na propia aula con material específico de reforzo da lingua con menos competencia, como textos xornalísticos, fichas ou libros recomendados, escollendo materiais atractivos que lles axuden a mellorar o seu coñecemento do idioma e se adapten, na medida do posible, aos seus intereses e necesidades educativas.
- Outras medidas de atención á diversidade que no seu momento se consideren oportunas.

En casos especiais de alumnado procedente doutra comunidade ou outro país, terase en conta o especificado na Orde do 20 de Febreiro de 2004, pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.

5.- Obxectivos e liñas de actuación deseñados polo centro para o fomento da lingua galega.

A concienciación e a promoción do uso do galego debe ser un cambio lingüístico asumido voluntariamente e dependerá de actuacións que xeren nas persoas unha dinámica interna que conduza a este cambio lingüístico.

1. Os **principais obxectivos** para o fomento do uso do galego son:

- Acadar unha mellor competencia oral e escrita en galego no noso alumnado.
- Aumentar o uso habitual do idioma galego no entorno educativo para que poida extrapolarse posteriormente a outros ámbitos. Asegurarase o emprego do galego nas actividades non estritamente académicas, como actividades culturais ou de ocio.
- Mellorar a valoración e aprecio pola nosa lingua.

As liñas de actuación para o fomento do galego podemos clasificalas en dous grandes grupos:

2. **Actuacións para a sensibilización**, aquelas que tentan incidir na conciencia dos destinatarios/as para que desmonten prexuizos

lingüísticos e se comprometan coa normalización lingüística.

- Daranse a coñecer grupos de referencia que amosen comportamentos de lealdade cara á lingua galega converténdoo en modelos alternativos. Realizaranse encontros, obradoiros ou charlas con persoeiros que rachen cos tópicos dos galegofalantes, que manteñan actitudes de lealdade cara ó galego e usos lingüísticos coherentes e poidan resultar atractivos para o alumnado e a comunidade escolar en xeral.
- Tentarase superar o prexuízo do galego como lingua non científica a través das diferentes actividades que no Mes da Ciencia en Galego, se organicen no mes de Novembro.
- Facilitarase o acceso a materiais didácticos, tanto impresos como audiovisuais, e ás ferramentas informáticas ou páxinas webs de contido educativo ou lúdico, en galego. Promocionarase tamén os autores galegos e o material videográfico e discográfico dispoñible no centro no noso idioma.
- Recomendaranse e poñeranse á disposición dos Clubs de Lectura, autores e autoras galegos ou traducións á nosa lingua de obras literarias.

3. **Actuacións para a promoción de ámbito de uso**, que teñen como obxectivo crear novos espazos de comunicación para a lingua galega e influirán en toda a comunidade educativa.

- Potenciar o emprego do galego fóra das aulas e en diferentes contextos como as actividades extraescolares e deportivas, ou en visitas didácticas.

-Fomentar o uso do galego nas propias dependencias do centro, coa rotulación dos carteis informativos nos corredores, a biblioteca ou a cafetería neste idioma.

-Promover a posta ao día do profesorado, tanto nos aspectos referidos á competencia xeral na lingua, como á competencia específica nos aspectos lingüísticos da materia que impartan. Informarase ao profesorado da realización de cursos promovidos por diferentes organismos co obxecto de mellorar e potenciar a competencia lingüística en galego do profesorado.

-Fomentar o uso do galego nas novas tecnoloxías, utilizando tradutores, recursos e programas en galego, e traballando nos blogs en galego.

-Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.

-Promover o emprego do galego nas relacións que o centro manteña coas familias, co alumnado e co persoal non docente. Así, a atención titorial e as reunións informativas coa comunidade educativa realizaranse, por regra xeral, en lingua galega.

-Xestión dun blogue de dinamización lingüística e dun taboleiro no centro, nos que se irán recollendo tódalas actividades de fomento do uso do galego, os principais

eventos a realizar no centro na nosa lingua e, en xeral, as noticias de interese respecto ao uso e fomento do galego.

-Convocar certames ou animar á participación nos certames convocados por outros colectivos sobre literatura, deseño ou ciencia, nos que se utilice o galego ou mesmo estean motivados polo fomento do uso do galego.

-Promover o emprego do galego nas diferentes creacións audiovisuais que con motivo de actividades académicas, lúdicas ou de participación en certames ou concursos, se realicen no centro.

-Utilizar o galego nas diferentes datas conmemorativas (día da paz, dos dereitos humanos, contra a violencia de xénero..) ou festas populares (Nadal, Entroido...) coa elaboración de cartaces, presentación de festivais e demais actividades que se celebren no centro. E, de forma especial, no Día das Letras Galegas, no que se realizarán actividades reivindicativas do uso da nosa lingua.

4. **Resumo das principais actividades** concretas a realizar no centro coordinadas polo Departamento de Dinamización Lingüística:

Actividades destinadas a mellorar a competencia lingüística do profesorado.

- *Asesoramento lingüístico e técnico*: encamiñado a todos os sectores da vida do Centro (profesores, alumnado e persoal non docente) co fin de prestar axuda para a correcta e fluída confección de materiais didácticos de todo tipo: notificacións, comunicados, etc.

- *Elaboración, publicación e exposición de material didáctico*: potenciarase a difusión do material co que se conta -e que en moitas ocasións non é suficientemente coñecido polo profesorado- e axudar na confección dos vocabularios, unidades didácticas, textos de creación, materiais audiovisuais, etc.

- *Xestión do blog "basellafala"*. Neste blogue levarase unha relación de tódalas actividades de dinamización lingüística do centro e informarse sobre encontros, charlas, exposicións ou calquera actividade relacionada co fomento do uso da nosa lingua. Ademais, o blog permite a participación de toda a comunidade educativa aportando comentarios ou suxestións.

Actividades destinadas a mellorar a competencia lingüística do alumnado.

- Participación nos Certames convocados pola Coordinadora de ENDLs da Comarca do Sanés, como o Certame anual de Adhesivos ou a revista Enormic Banda. Nestas actividades o alumnado reflexiona sobre o uso do galego en diferentes situacións ou ámbitos a través das diferentes temáticas escollidas nos lemas de cada ano. O lema do concurso de adhesivos para este curso é "Do pergamiño ao dixital. O patrimonio cultural galego, milenar e con futuro".

- Concursos ou actividades audiovisuais ou de manexo das TICs. Concurso Namórame en Galego de gravación de curtas e exposición na web mediante a aplicación padlet e os códigos QR, ou Chanchadas de cine, actividade de dobraxe ao

galego ou edición de vídeo. Preténdese ampliar os usos do galego a estes ámbitos tan atractivos para o alumnado.

- Obradoiros e Charlas Científico-Literarias. Organización de encontros con científicas/os ou escritores/as, que desenvolvan a súa labor profesional en galego co fin de visibilizar e poner en valor o uso do noso idioma en ámbitos académicos ou profesionais.

Actividades destinadas a mellorar a competencia lingüística no centro.

- Posta en valor dos recursos en galego do centro. Tanto na Biblioteca, como nos Clubs de Lectura ou nas actividades do Plan Lector se difunde o material bibliográfico, videográfico, discográfico e de recursos TIC en galego. Material que se actualiza frecuentemente coa adquisición de novidades.

- Celebración do Mes da Ciencia en Galego con actividades e exposicións varias. Coa temática Viaxes pola Ciencia convócanse este curso un Concurso de Robot Exploratorio e outro de cartaces A Viaxe do Beagle. Aproveitando a temática do proxecto de centro (O Cine), convócase un Concurso CiCi (cuestionario online sobre películas de ciencia e ciencia-ficción) e o Concurso ½ minuto de ciencia (gravacións en croma de vídeos de 30 sg sobre ciencia).

- Celebración do Día das Letras Galegas con diversas actividades encamiñadas a coñecer a vida e obra da homenaxeada deste ano, M^a Victoria Moreno Vázquez. Realizarase unha Busca do Tesouro no centro e un Correlingua en Vilanova con alumnado do outro centro de secundaria da vial (Faro das Lúas).

- Revista A Batea

Actividades destinadas a mellorar a competencia lingüística no contorno sociolingüístico do centro.

- Participar con outros centros da comarca do Salnés na publicación dunha revista de banda deseñada, Enormic Banda.

- Participación con outros centros da comarca do Salnés no Certame de adhesivos para animar ao uso do galego. Edición dos adhesivos gañadores e organización dunha exposición itinerante.

- Participar cos outros centros de ensino da comarca na "Carreira en Defensa da Lingua" que terá lugar no mes de maio.

- Colaboración cos Clubs de Lectura do IES Faro das Lúas de Vilanova de Arousa e co de Illa de Arousa.

- Colaborar con asociación, bibliotecas ou grupos sociais que realicen ou difundan actividades de fomento da nosa lingua.

6.- Exencións.

Segundo a orde do 10/02/2014 o alumnado que proceda doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.

Non terá dereito a esta exención o alumnado que realizase estudos en Galicia e cursase fora da Comunidade Autónoma tres cursos completos ou menos e se reincorpore ao sistema educativo galego.

A.- Procedemento de solicitude

A solicitude de exención farase para cada curso escolar e terá validez só para ese curso. Esta solicitude farase por medio dunha instancia dirixida ao Director do centro.

O prazo de presentación será entre o 1 de setembro e o 5 de outubro para a ESO e ata o 20 de outubro para o Bacharelato. No caso dun traslado de matrícula viva, procedente dun centro doutra comunidade autónoma ou do estranxeiro, o prazo de presentación da solicitude será de vinte días dende a incorporación ao centro.

B.- Materiais e Recursos específicos

Para que o alumnado exento de galego poida acadar a competencia básica nesta lingua o profesorado da materia iralle indicando o traballo e as actividades que deberá realizar, e contará cos recursos do Departamento de Lingua e Literatura Galega así como o apoio do Equipo de Normalización Lingüística.

O Departamento de Galego está dotado dos suficientes recursos e materiais para atender ao alumnado exento de Galego calquera que sexa o seu nivel de competencia nesta lingua.

7.- Medidas de Coordinación entre as Materias de Linguas impartidas no Centro.

Durante os primeiros días de cada curso escolar os departamentos de Lingua Castelán e de Lingua Galega reunense para tomar decisións de coordinación entre as dúas materias, de forma que o seu ensino estea cenfocado cara a non repetición de contidos, se non que uns complementen aos outros. Tamén se evitarán terminoloxías diferentes e se procurará que a temporalización das diferentes unidades sexa o máis efectiva posible de cara a un mellor proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao longo do curso repetiránse estas reunións de coordinación cando así se consideren necesarias polos dous departamentos, e como mínimo unha vez por trimestre.

8.- Equipo de Dinamización da Lingua Galega

A.- Composición:

I.- Profesorado:

- Fco. Javier Otero Martínez (Coordinador)
- Emilio Insua López
- Natalia Blanco Arca
- Raquel Baños Iglesias
- Carmen Díaz Otero
- Uxía Nogueira Rodríguez
- Joaquín Díaz Méndez

II.- Alumnado:

- Carlos Canabal Cores (2ºESO)
- Uxía Trapote Fontes (4º ESO)
- Antía Señoráns Couceiro (4º ESO)
- Carla Fernández Bóveda (4º ESO)

III.- Persoal non docente:

- Diego Rodríguez Martínez

B.- Funcións

Son funcións do EDNL:

1. Presentar, a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
 - a) Medidas para potencia-lo uso da lingua galega nas actividades do centro.
 - b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellora-la competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
3. Propoñerlle á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potencia-la presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.

4. Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.

5. Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.

6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria prevexa na súa normativa específica.

I.- Coordinador

Asistirá ás reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Elaborará a documentación do Equipo.

Manexará a partida económica que estea a disposición do equipo, presentando as facturas correspondentes.

Liderará as xestións, traballos e decisións do EDNL.

II.- Equipo

Traballará para asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente coma no das relacións interpersoais entre os distintos membros da comunidade educativa.

Procurará fomentar a transmisión da lingua galega no ámbito familiar.

En colaboración co Equipo de Biblioteca procurará, dentro da cultura xuvenil, espazos de uso para o galego, a través dunha oferta de produtos de demanda masiva no eido da cultura e do ocio.

Fomentará entre a mocidade os valores funcionais, identitarios e diferenciais da lingua galega.

8.- Avaliación.

Ao final de cada curso realizarase a avaliación deste plan, propoñendo as melloras e correccións que se consideren oportunas, as cales se recollerán no plan do seguinte ano escolar.

Cada catro anos farase unha revisión completa do Plan adecuando as condicións cambiantes da sociedade e do Centro.

O seguimento das actuacións realizarase de xeito xeral cada curso co control da Comisión de Coordinación Pedagóxica e mais o Consello Escolar.

Teranse en conta a seguinte documentación xerada por diferentes instancias do centro:

- Programación Xeral Anual.
- Memoria anual do Centro.
- Programacións didácticas.
- Memoria final do curso dos diferentes departamentos.
- Documentación do departamento de Orientación.
- Plan Anual de Lectura.
- Plan de Mellora da Biblioteca.
- Memoria final da biblioteca.
- Proxecto de Dinamización.
- Enquisas de uso da lingua galega.
- Memoria final do equipo de Normalización.

8.1. Addenda anual

Con carácter anual, cada comezo de curso remitirase ao Servizo de Inspección Educativa unha Addenda ao PLC coas modificacións e actualizacións necesarias.

Director

Xefa de Departamento de Lingua Galega

Xefa de Departamento de Lingua Castelá

Xefa do Departamento de Dinamización Lingüística